

DATA	04/05/10
Nº	821

1024 RBF/mmb

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente tramitado para a contratación da execución da obra incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sotenibilidad Local denominada "diversas reparaciones en polideportivos de el Burgo y Tarrío", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. O 16 de abril de 2010, mediante a resolución nº 749, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade procedeu á adxudicación provisional á empresa ALDASA CONSTRUTORA SLU, CIF B-15760150, e o día 21 de abril de 2010 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e ao corrente no pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíra a garantía definitiva.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "diversas reparaciones en polideportivos de el Burgo y Tarrío" á empresa ALDASA CONSTRUTORA SLU, CIF B-15760150, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 70.304,60€, IVE engadido, e o prazo de execución en 60 días naturais. O número de persoas a ocupar será de 8 (en equivalente a tempo completo, 8), das que 2 serán de nova contratación e 6 xa están integradas na empresa.

DATA	04/05/10
Nº	821

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear director das obras a D. Edmundo Varela Lema, enxeñeiro técnico industrial, xefe de servizo de Medio Ambiente e Servizos, e coordinador de Seguridade e Saúde a D. Ricardo Cid Rey, arquitecto técnico, xefe de sección de Obras Públicas e Servizos.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 4 de maio de 2010
A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Roberto Babio Fernández
Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía,
facenda, réxime interior e seguridade

Ana M^a Prieto Martínez
Dou fe,
A secretaria xeral

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176,
de 1/8/2007)

Pilar M^a Pastor Novo